

UNIDADE DIDÁCTICA sobre o libro

GATOS E LEÓNS (X.A. Neira Cruz)

Proposta de actividades (Concha Blanco)

Nivel: 1º ESO (1º Ciclo de Secundaria)

Este libro, Gatos e Leóns, é unha colección de once contos, feitos polo autor Xosé A. Neira Cruz, sobradamente coñecido no mundo literario pola súa importante traxectoria, cantidade e cualidade da obra creada e os premios acadados.

Pero non quero ser eu quen che aporte toda a información sobre el; vas ser ti quen o faga.

ACTIVIDADES DE INTRODUCCIÓN

1. Busca, ben en enciclopedias ou en internet, a biografía de Xosé Antonio Neira Cruz. Amais dos datos típicos dunha biografía (lugar de nacemento, profesión...) anota seis dos seus títulos e recolle tres detalles que che resulten interesantes.
2. Na aula poñede en común estes detalles e comentade por qué chamaron a vosa atención.
3. Facede o mesmo cos seus títulos, só engadindo os que non estean repetidos.
4. Curiosamente o autor ten outra obra roáis sobre gatos, Os gatos de Venecia, que opinas ti sobre esta coincidencia.
5. *Gatos e leóns* non é unha oración. É unha frase. Cal é a diferenza entre frase e oración?
6. Converte *Gatos e Leóns* en oración.
7. En realidade a historia só fala de gatos, como viches. Daquela, que pensas do título? Se les outra vez a introdución do libro, no último parágrafo tráechete a xustificación; apóiate nela.

8. Tamén nesta introdución que abre a lectura ten un fermoso recurso literario ... *pero as engurras séntanlle ben á gran señora do Adriático*.

A quen se está referindo e que nome recibe este recurso?

ACTIVIDADES POR CAPÍTULOS

A HISTORIA DO DUX VENDRAMIN DANDOLO E O GATO DE MERCERE

9. No texto aparece a expresión *Estouche a l'alar*. É unha perífrase verbal, que neste caso se pode substituír pola forma simple *fáloche*.

A seguir tes máis perífrases verbais das que ti debes encontrar a súa equivalencia:

Ando a pedir:

Has contar:

Levo pasado:

10. *E é que tiña todo ... É* (con til) *E* (sen til). Por que esta diferenza? Di o significado de:

é pé: té:

ẽ pe: te:

11. Neste conto aparecen as palabras

estouche pódeste amósanse fanse utilizaba

chegase tivese sala reproducir

Subliña o verbo en cada unha delas. O! lo! Se nalgún caso queda algo sen subliñar di que clase de palabra é.

12. A palabra *baiuca* non aparece no glosario de palabras que non soan e que o autor amosa ao remate do libro, quizais porque en Galicia tamén as hai. Ao mellor tampouco coñeces o significado de glosario. Busca as dúas palabras e escribe o seu significado.

Baiuca:

Glosario:

13. A Vendramín Dandolo gustáballe saír só pasear. Por que cres que elixía a noite para saír, logo de disfrazarse?
14. Como cres que se senten as persoas que necesitan escolta? Cita diferentes razóns para ir escoltado.
- Podedes facer unha posta en común coas vosas opinións e debater sobre o caso.
15. O final deste relato é aberto, porque cada lector ou lectora pode ter versións diferentes, intuicións, do que lle puido pasar ao protagonista. Entón , que é un final pechado?
16. Busca un final pechado para esta historia de Dandolo.

A GATIÑA FEITA DE CRISTAL DE MURANO

17. Para facilitar o estudo hai técnicas e estratexias que debemos descubrir. Unha delas é o resumo. Resume este conto da gatiña de Murano.
18. Este relato está envolto cun certo misterio que fai que os lectores e lectoras imaxinen diferentes finais. Di ti o que cres que lle puido pasar ao vello dux Dandolo.
19. Estes grupos de palabras aparecen no relato. Pon chante delas un F ou un O segundo sexan frases (F) ou oracións (O):

O Tesouro de San Marcos:

Rematou a xornada de festa:

Incrible! :

E colleu medo:

Famentos de paz:

A MODA DOS VESTIDOS DE GATO

20. Nestes relatos o autor utiliza diferentes títulos nobiliarios, como dux, baronesa, barón... Cita outros que ti coñezas e investiga se é necesario.
21. Hai unha referencia temporal relacionada con Canarias *catro tinta en Canarias, por suposto*. Explica o motivo desta aclaración.
22. Fíxate na expresión *vas ver...* É correcta? A continuación van outra expresións, unhas ben escritas e outras mal. Deixa as correctas como están e corrixe as incorrectas:

Teño que *ir ver* o fútbol.

Penso que *vou a comer* castañas asadas.

Hoxe *irnos a pasar* pola túa porta.

Mañá *irá pasear* o avó contigo.

23. Qué quere dicir no texto "in sécula seculorum"
24. *Unhactunca de té quente con ...ehem...* que se oculta neses puntos suspensivos?

Nos seguintes parágrafos podes encontrar a resposta.

25. Sartierie e Morosini. Elixe unha destas personaxes e descríbeas a xeito de retrato.

26. O autor di delas que son de *refinada crueldade*. Os dous termos aparentan unha certa oposición. Pero que pretende dicir con iso?
27. Coñeces a alguén que tamén intenta chamar a atención dos demais? De que maneira?
28. Ti prefires pasar desapercibido ou buscas que se fixen en ti? Como o consegues?
29. Intenta relacionar este relato coa moda. Ti ante todo buscas ir á moda, buscas a elegancia, buscas as marcas, buscas que che senten ben as prendas ou... que pretendes ante todo?.

UNHA BUFARDA NA GIUDECCA

30. Con ir ao glosario de lugares do final do libro, vas saber que a Giudecca é a illa maior de Venecia, moi turística ela, onde Neira Cruz quixo desenvolver esta historia.

Historia de vinganza, de amor, de medo ou de xustiza? Elixo a que mellor lle acaia.

Busca o nome de tres illas galegas.

31. O final é triste. Redacta ti un final alegre como merecen os protagonistas.
32. Fai unha relación dos lugares polos que pasou Ciccina.
33. Aínda que son nomes italianos, resultan de doada comprensión para nós, sabes por que? A que grupo de linguas pertencen o galego, o castelán, o catalán e o italiano?
34. Que decisión tomou unha das bufardas da Giudecca?
35. Que medio de transporte utilizou Ciccina para facer a travesía? Contabas con ese incidente?

A AUGA DE AFEAR

36. Cal é a característica física máis salientable de Mateo Capinelli?
37. *Logo de darse unhas fregas con ortigas quedoulle a pel correosa e denegrida.* Por isto, con que animais o comparan?
38. Onde buscou remedio aos seus males? Achou a solución?
39. A súa actitude final foi de lealdade, de amor ou de vinganza? Razoa a túa elección.
40. Fai unha valoración deste comportamento.
41. Nas diferentes culturas están presentes as supersticións, como a do gato negro, do que aquí fala o autor e intenta buscarlle a orixe do seu mal agoiro.

Que outras supersticións coñeces?

Es ti supersticiosa ou supersticioso?

Explica o dito de *Eu non creo nas meigas, pero habelas hainas.*

A CANCIÓN E O MESTRE XUSTOS

42. Neste conto da gata Francesca, que só quería cantar, a segunda oración di: *Esa era a súa única paixón.* Presta atención e responde:
- Cal é o suxeito?
- A forma verbal *era* (do verbo *ser*) que clase de verbo é?
43. *Carcas e severas*, son adxectivos cualificativos que explicitan características negativas. Pero no texto aparecen moitos adxectivos máis. Busca seis que sexan cualidades positivas.
44. Busca o significado das palabras:
- abadesa:

atril:

algareira:

empoleirada:

faísca:

saloucos:

torniquete:

45. De que se queixaban as monxas cando cantaba Francesca?
46. *Isto funciona... díxolle Francesca á lapela dereita do seu vestido.*
Con isto da lapela sabemos que Francesca falaba realmente...con quen? Quen cres que a animaba a seguir?
47. O tesón, a constanza, fixeron que Francesca conseguise o que buscaba: cantar. Vaia, iso pénsoo eu, porque este final volve ser aberto. Que opinión tes ti sobre o futuro desta gata?
48. Candeo di que emitiu miaños en *la menor*, de que está a falar? Que outra versión musical puido escoller?
49. *Bandada* é un substantivo colectivo. Lembra ti outras palabra que estando en singular encerren un conxunto de seres.
50. Tamén aparecen as palabras *crego* e *bágoa*. Búscalles sinónimos.
51. Neste texto hai algún recurso literario. Encontra algunha comparación.
52. *Pelame*. Escribe a norma ortográfica das palabras rematadas en -ame. E as rematadas en -axe? (non esquezas as excepcións)
53. E saíu con *pés de la*. Que significa esta expresión.
54. Se falamos de *pés negros*, referímonos a pés sucios ou a un pobo amerindio de América do Norte que actualmente viven en reservas? Se tes interese en saber deles só tes que investigar.

55. Busca nunha enciclopedia datos biográficos de Vivaldi e recolle aquí o que che resulte interesante.

SOÑOS DE REALIDADE

56. Con que significado ou significados utiliza o narrador a cor azul?
57. No texto o autor utiliza varias metáforas (substitúe os termos reais por termos imaxinarios). Descubre algunha e interprétaas.
58. Este conto comeza e remata de xeito poético. Con ámbolos dous parágrafos crea ti o teu propio texto. Elixo facelo en prosa ou en verso.

Cando Lena dormte abrazada a Nasio todos os soños son azuis. Coma os seuos llos, os soños de Lena e as ondas do mar.(Continúa ti)

59. Ao ler *baixo capas e capas* véume á memoria unha adivíña pertencente, coma tantas outras, á literatura popular. A ver se a acertas:

Leva capa sobre capa.

Leva pano sobre pano,

e se non cho digo,

non o acertas en todo o ano.

Que é?

60. Aparece a palabra *ventano*. Tendo en tonta o seu significado busca outras verbas que pertenzan ao seu campo semántico.
61. En Venecia hai moitas pontes. En Galicia non hai tantas, pero si que as hai importantes. Cita tres e di en qué localidades están.
62. A páxina 79 remata con esta expresión, *darlles gato por lebre*. Explica o seu significado.

63. Pero a palabra *gato* aparece noutras expresións máis. Relaciona cada unha co seu significado:

Buscarlle tres pés ao gato	Conseguir o buscado
Haber gato encerrado	Pouca xente
Levar o gato á auga	Empeñarse en cousas imposibles
Había catro gatos	Algo oculto ou secreto

NOS MUSEOS DAS MENSAXES DE MAR

64. Sen buscar no dicionario define a palabra museo.
65. Que museos lembrás ter visitado?
66. Que é para ti o máis singular do museo do que fala o texto?
67. Boa parte deste relato é dialogado. Xustifica esta afirmación.
68. O lector ou lectora vaise encontrar nesta lectura con personaxes de obras literarias coñecidas ao longo da Historia da Literatura. Irnos facer un traballo de investigación; eu poño o título das obras nas que aparecen, ou o seu autor, e ti asócialas cos personaxes que na lectura se citan:

Vinte mil leguas baixo dos mares:

Mark Twain:

Jules Verne:

As mil e unha noites:

Daniel Defoe

J.M.Barrie:

69. Das palabras que rematan en *-axe*, coma mensaxe, xa lembraches a súa norma ortográfica. Agora non pido que a

repitas, pero si que escribas a mensaxe que che gustaría enviar a alguén que admires por calquera razón.

70. Fixate na palabra *voulla*.. Pequena como é está formada por Tres palabras: _ + _+_
- Di de que clase é cada unha.
71. Busca a palabra *trebello* na páxina 97 e encóntralle un sinónimo na páxina 98.
72. *Desenrolar* e *desenvolver* empréganse moitas veces de forma inadecuada. Matiza o significado de cada unha e fai unha oración correcta en cada caso.

ENCANTRO CUN GATO HUMANO

73. Aínda que a pizza xa forma parte do menú de moitas familias galegas, non é un prato propio da nosa gastronomía. De que país o importamos? Cita outros alimentos que sexan máis propios da nosa cociña.
74. *O certo é que me fixei nun tipo que ceaba só nun recanto*. A palabra *tipo* é polisémica. Escribe tres oracións nas que apareza con significados diferentes.
75. Cres que neste conto a palabra *tipo* pode ter un valor despectivo? Razona a resposta.
76. Seguro que escoitaches falar da *comida lixo*. Ves acertada esta denominación? Xustifica a afirmación ou a negación.
77. Neste relato utilízanse moitos verbos diferentes relacionados con *mirar*, pero cada un ten un matiz propio. Búscallelo aos seguintes:
- escrutar:

espiar:

fitar:

esculcar:

ver:

inspeccionar:

78. No 5º parágrafo o autor compara o *tipo* comensal cun pintor. No parágrafo seguinte (6º), tal como o describe, con quen o podía comparar?

79. Nun momento do relato di *de seguido tocoulle a quenda á carne branca do peixe*. En moitos lugares e momentos é moi importante a quenda. Sempre, pero sobre todo cando temos que falar dentro dun grupo. Que consecuencias trae non gardar este tipo de quenda? Que imaxe dá a persoa que non a ten en conta?

80. Nos tres parágrafos da páxina 102 hai longas descrições da maneira de comer dese gato humano, como se estivese dando unha lección de refinamento.

Busca no dicionario a palabra *protocolo*, escribe os seus significados e tenta relacionar un deles co comportamento do gato humano.

81. As palabras *prosopografía*, *etopea* e *retrato* son descrições, pero, que aspecto ou aspectos abranguen cada unha delas?

82. Analiza sintáticamente esta oración: *Don Maurizio é o último descendente*.

83. A palabra *último* pode substituír sempre á palabra *derradeiro*, pero poñer *derradeiro* no sitio de *último* non sempre é posible. Aclara por qué.

84. *Era preferible morrer executado a soportar...* Aínda hai países que teñen establecida a pena de morte. Establecede un debate sobre o tema. Será bo que o modere a profesora ou profesor.

85. No relato fala do día da Ascensión e aclara que é a data anual dos desposorios co mar. En Galicia a quen se ten por patroa dos mariñeiros? Cita algunha localidade na que esta celebración ten moita relevancia .
86. Estas palabras, que aparecen no conto, clasifícaaas en preposicións, adverbios e conxuncións (tamén as locución)
- | | | | |
|------------|----------|--------|----------|
| a rentes | porén | entre | sen |
| de contado | emporiso | cara a | non |
| xa | e | con | amodirio |
87. Vas escribir un conto seguindo a estratexia do *binomio fantástico*, de Gianni Rodari. Douche ditas palabras: *troita* e *lazo*. Forma un título no que obrigatoriamente aparecerán estas palabras. Agora lánzate polo mundo da fantasía e escribe unha historia con Blas.

DÚAS HORAS E MEDIA EN VAPORETTO

88. *Val frío*. Unha expresión correcta do v. IR con este aspecto do tempo. Pon exemplos nos que podes utilizar tamén relacionados co tempo as formas *hai* e *fai*. Se non o sabes pídelles ao profesor ou profesora que cho explique e logo buscas as oracións axeitadas.
89. No último párrafo da páxina 113 atopamos os monosílabos *vés* e *vén* (con til diacrítico); en que se diferencian de *ves* e *ven* (sen til)?
90. Neste mesmo parágrafo, podes encontrar un pronome de solidariedade (xa sabes; non ten función sintáctica na oración). Busca a palabra na que está e sublíñao. Que outros pronomes máis poden, ás veces, funcionar como tales?

91. Perdoa que non *escache a rir*. Busca outro termo que substitúa esta expresión sen perder o significado.
92. Búsalle os suxeitos ás seguintes oracións:
- Continuamos a viaxe:
- Enxugo unha bagoíña:
- Deulle a razón:
- Que clase de palabras son estes suxeitos?

E AO FINAL UNHA SORPRESA

93. Pon a proba ti tamén a túa memoria e lembra unha viaxe que fixeches e gardes bos recordos dela. Resúmea sen esquecer a ónde fuches, cando, cómo e con quen.
94. Cando David non aparecía, a ti, como lectora ou lector, que idea che viña ao pensamento sobre o que lle puido ocorrer?
95. *Sacarrollas é* una palabra composta. Escribe outras que coñezas tamén derivadas por composición.
96. Tao, a rapaza que enviou a mensaxe na botella, referíase a outra mensaxe. Con que o relacionas ti? En que razóns te baseas?

ACTIVIDADES FINAIS

97. Vai a internet e busca un mapa de Italia, imprímeo e localiza Venecia. A continuación saca un itineraio de Roma a Venecia e anota o nome de cinco localidades polas que hai que pasar.

98. Nun destes relatos cítase a un tal don Álvaro de Mondoñedo. Sabemos que se refire a D. Álvaro Cunqueiro, escritor. Recolle información sobre el.
99. Se foses a Venecia de viaxe, qué lugares dos que se citan nestas historias che gustaría visitar e que recordos materiais traerías.
100. Fai a túa valoración do libro e anota dúas preguntas para poder formularllas ao autor X. A. Neira Cruz. Ao mellor encóntraste con el calquera día . Quen sabe!